

**PROBA PRACTICA PRAZA INFORMADOR/A TURISTICO****NOME E APELIDOS****DNI:**

1.- ¿Cantos Concelleiros compoñen a Corporación Municipal de Ponteareas?

- a) 10
- b) 15
- c) 21
- d) 50

2.- Os órganos de gobernos do concello son:

- a) Alcalde e Xunta de Goberno
- b) Pleno presidido polo alcalde
- c) Alcalde, Xunta de Goberno e Pleno
- d) Alcalde Pedáneo

3.- Os servizos municipais son xestionados por::

- a) O propio concello
- b) Concesións privadas
- c) Ambas son correctas
- d) Ningunha e correcta

4.- O Goberno do actual do concello de Ponteareas, está formado por:

- a) Un só grupo político
- b) Tres grupos políticos
- c) Dous grupos políticos
- d) Cinco grupos políticos

5.- A Poboación de Ponteareas no ano 2020 é de:

- a) 25220
- b) 20140
- c) 22940
- d) 15555

6. En que data foi sancionada a Constitución Española actual:

- a) 6 de decembro de 1978
- b) 29 de decembro de 1978
- c) 31 de outubro de 1978
- d) 27 de decembro de 1978

7. O Título da Constitución Española que trata sobre a organización territorial é o:

- a) Cuarto
- b) Octavo
- c) Noveno
- d) Sexto

8. O Padrón Municipal é un rexistro:

- a) Civil
- b) Non é un rexistro
- c) Mercantil
- d) Administrativo

9. No artigo 65 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia no referente as vivendas turísticas, cal é a incorrecta?

- a) É un aloxamento turístico cun número de prazas non superior a dez.

- b) A comercialización da vivenda turística permite a formalización de contratos por cuartos.
  - c) Os requisitos que sirvan de criterios para a clasificación das vivendas turísticas fixaranse por vía regulamentaria.
  - d) Considera cesión reiterada cando a vivenda se ceda dúas ou máis veces dentro do período dun ano
10. A "Rota dos Penedos" inicia o seu percorrido...
- a) no Barrio da Serra e inclúe o Penedo do Castro e Penedo do Sombreiro.
  - b) na Ermida de Santa Cruz e a ruta discorre a longo duns 7 km.
  - c) na Igrexa e casa reitoral da parroquia de Arcos.
  - d) no Alto de Confurco.
11. No Concello de Ponteareas hai varias pontes sobre o río Tea coñecidas como:
- a) Ponte das Partidas, Ponte dos Remedios e Ponte de Troncoso.
  - b) Ponte dos Remedios e Ponte das Pardellas.
  - c) Ponte das Partidas e Ponte dos Remedios.
  - d) Todas as anteriores son correctas.
12. O Corpus Christi de Ponteareas foi declarada festa de interese turístico nacional e internacional. En que anos foron declaradas?
- a) En 1965 de interese turístico nacional e no 2009 internacional.

- b) En 1966 de interese turístico nacional e no 2009 internacional.
- c.) En 1967 de interese turístico nacional e no 2009 internacional.
- d) En 1968 de interese turístico nacional e no 2009 internacional.

13. Para os efectos da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia, teñen a consideración de administracións públicas competentes en materia de turismo as seguintes:

- a.- Administración da Xunta de Galicia, Concellos e entidades supramunicipais.
- b.- Administración da Xunta de Galicia, Concellos e entidades mixtas.
- c.- Administración da Xunta de Galicia e Concellos.
- d.- Todas as anteriores son correctas.

14. No Concello de Ponteareas destacan os pazos ...

- a.- Pazo de Boa Vista e Pazo de Troncoso.
- b.- Pazo de Boa Vista e Pazo de Porto Barreiro.
- c.- Pazo de Boa Vista e Pazo da Cividá.
- d.- Pazo de Boa e Pazo de Souto.

15. De acordo coa Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Rede Galega de Oficinas de Turismo:

- a.- Estará integrada polas oficinas de turismo de titularidade da Xunta de Galicia e aquelas outras de titularidade maioritariamente pública que voluntariamente se integren na mesma.

b.- É un órgano colexiado e de asesoramento, apoio e proposta para os asuntos referidos á ordenación, promoción, fomento e desenvolvemento do turismo.

c.- As dúas respostas anteriores son correctas.

d.- Todas son incorrectas.

16. A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia, clasifica por grupos os establecementos de turismo rural como:

a.- Casas rurais.

b.- Hospedarías rurais e casas rurais.

b.- Casas rurais, pazos e outras edificacións sobranceiras.

d.- Hospedarías rurais, casas rurais, pazos e outras edificacións sobranceiras.

17. O Concello de Ponteareas conta con igrexas románicas...

a.- Destaca a Igrexa de San Pedro de Angoares e o seu arco triunfal semicircular.

b.- Destaca a Igrexa de San Pedro de Angoares e a súa representación semellante a un león.

c.- Destaca a Igrexa de San Pedro de Angoares coa súa planta en cruz latina e ábside rectangular.

d.- Destaca a Igrexa de San Pedro de Angoares que pertenceu a un mosteiro franciscano.

18. En relación á campaña de escavación no Castro de Troña baixo a dirección de Hidalgo Cuñarro. Cal das seguintes afirmacións é a incorrecta?

a.- Esta escavación permitiu sacar á luz un conxunto de tres cabanas de planta circular.

b.- As cabanas circulares escavadas estaban pavimentadas con arxila amarela -vermella.

c.- Algunhas cabanas non tiñan fogar nin soleira.

d.- Este é un castro escasamente romanizado.

19. Ponteareas é un extenso concello con diferentes rutas por descubrir o patrimonio

a.- Ruta polo centro da vila.

b.- Ruta Milenaria.

c.- Ruta dos Montes de San Cibrán.

d.- Todas as respostas anteriores son correctas.

20. En relación ao SICTED. Das seguintes afirmacións, cal é a correcta?

a.- A vixencia é dun ano.

b.- Está impulsado pola “Secretaría General de Turismo”.

c.- Promove a calidade heteroxénea no destino.

d.- Ningunha das anteriores é a correcta.

21. As festas patronais destacadas de Ponteareas no mes de setembro son:

a.- San Roque.

b.- Nosa Señora dos Remedios.

c.- San Miguel Arcangel.

d.- As respostas b/ e c/ son correctas.

22. Son establecementos hoteleiros, para os efectos da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia, os aloxamentos turísticos situados nun ou en varios edificios próximos, ou en parte deles. Dividiranse nos seguintes grupos:

a.- Hoteis.

b.- Hoteis e pensións.

c.- Hoteis, pensións e moteis.

d.- Hoteis, pensións, moteis e vivendas de uso turístico.

23. O Convento de Canedo é unha das construcións máis destacadas de Ponteareas. Cal das seguintes afirmacións é a incorrecta?

a.- Este edificio foi doado pola familia Sarmiento.

b.- A presenza dos franciscanos no Condado remóntanse ao ano 1605.

c.- En setembro de 1835 os franciscanos deben abandonar o edificio.

d.- A súa igrexa foi construída durante o século XVIII.

24. No referente a "Rota dos Penedos" ...

a.- non é unha ruta de sendeirismo homologada.

b.- denomínase a PR-G 110.

c.- denomínase a PR-G120.

d.- denomínase a PR-G132.

25. Cantas parroquias ten o Concello de Ponteareas?

a.- 20.

b.- 22.

c.- 24.

d.- 26.

26. O percorrido máis urbano de Ponteareas permite coñecer a varios personaxes ilustres desta vila como...

a.- Reveriano Soutullo e Gabino Bugallal Araujo.

b.- Severiano Soutullo e Gabino Bugallal Araujo.

c.- Severo Soutullo e Gabino Bugallal Araujo.

d.- Ningunha das anteriores é correcta.

27. De acordo coa Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Rede Galega de Oficinas de Turismo:

a.- Estará integrada polas oficinas de turismo de titularidade da Xunta de Galicia e aquelas outras de titularidade maioritariamente pública que voluntariamente se integren na mesma.

b.- É un órgano colexiado e de asesoramento, apoio e proposta para os asuntos referidos á ordenación, promoción, fomento e desenvolvemento do turismo.

c.- As dúas respostas anteriores son correctas.

d.- Ningunhas das respostas anteriores é correcta.

28. No Castro de Trona atopáronse diferentes obxectos nas diferentes escavacións. Cal das seguintes afirmación é a correcta?

a.- O lingote áureo localizouse no ano 1989 baixo un lousado datado de finais do século I a C.

b.- O fragmento de toques localizouse na campaña de verán de 1989 nun nivel recheo xunto a cerámicas decoradas.

c.- Gran parte dos restos cerámicos localizáronse no interior das vivendas.

d.- Todas as respostas anteriores son incorrectas



29. A ruta de sendeirismo “A Picaraña”...

- a.- Localízase o albergue xuvenil e a Pedra do Equilibrio.
- b.- Está homologada como PR-G32.
- c.- Pasa polo Alto da Picaraña e a Ermida de Santa Cruz.
- d.- As respostas a/ e b/ son correctas.

30. Cales son os lugares máis destacados para visitar en Ponteareas?

- a.- Castro de Troña, Convento de Canedo e Castelo de Sobroso.
- b.- Castro de Troña, Pazo de Fillaboa e Castelo de Sobroso.
- c.- Castro de Troña, Convento de Uma e Castelo de Sobroso.
- d.- Castro de Troña, Pazo de Arantei e Castelo de Sobroso.

31. Cales son os concellos que forman parte da comarca do Condado?

- a.- Ponteareas, O Porriño, Salvaterra, Mondariz e Salceda de Caselas.
- b.- Ponteareas, Salvaterra, As Neves, Mondariz e Salceda de Caselas.
- c.- Ponteareas, Salvaterra, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Salceda de Caselas.
- d.- Ponteareas, Salvaterra, As Neves, Mondariz, Mondariz-Baneario e Salceda de Caselas e Arbo.

32. Os axentes específicos para a correcta implantación do SICTED, son:

- a) Ente xestor, é a entidade pública ou público/privada responsable da implantación do proxecto en destino.

- b) Xestor SICTED, o responsable de coordinar as acción que se desenvolvan no destino.
- c) Empresas/servizos turísticos, son os beneficiarios directos e a cara visible.
- d) Todos os anteriores son correctos.

33. Según o SICTED, as estruturas no destino serán:

- a) Ente xestor.
- b) Xestor SICTED
- c) Mesa da calidade do destino.
- d) Todos anteriores

34 .En relación co Serradoiro dos Carranos:

- a. Foi construído no ano 1912.
- b. Está na confluencia dos regatos Vixiáns e San Breixo, tributarios do Deva.
- c. Ten unha nora de máis de 8 metros de diámetro.
- d. Debe o nome a que no mesmo se construían carros de bois.

35 No artigo 11. Dereitos das usuarias e usuarios turísticos, recolle.

- a. Dereito á tranquilidade e intimidade.
- b. Dereito a formular queixas e reclamación.
- c. Dereito a non discriminación.
- d. Todas son correctas.